

BACHARELATO

Economía da empresa

PROXECTO DIDÁCTICO



Rafael Prieto-Puga Fariña



B

BAÍA EDICIONS

CONSORCIO *editorial* GALEGO

Edita

Baía Edicións

Deseño gráfico

Baía Edicións

ISBN: 978-84-92630-36-3

D. Legal: C 2578-2009

1ª Edición

Agosto 2009

© 2009

Rafael Prieto-Puga Fariña

© 2009

Baía Edicións

Polígono de Pocomaco, 2ª Avda.

Parcela G18 - Nave posterior

15190 A Coruña

Tel.: 981 174 296

Fax: 981 915 698

pedimentos@coegal.com

www.baiaeditions.net

Índice

Programación do curso	3
Obxectivos xerais	6
Contidos	8
Programación	11
Secuenciación e temporalización	16
A ensinanza e aprendizaxe da Economía da Empresa	17
Desenvolvemento da programación	21
Criterios de avaliación	32
Mínimos esixíbeis	35
A avaliación.....	36
Medidas de atención á diversidade.....	42
Actividades de recuperación e reforzo. Temas transversais	43
Actividades complementarias extraescolares	44
Materiais e recursos didácticos	45

► Programación do curso

A materia de Economía da Empresa ten como obxectivo o estudo da empresa, así como das súas relacións co seu contorno. En concreto, trata de analizar as súas características máis relevantes e o funcionamento económico global dos distintos tipos de empresa, identificando as funcións, obxectivos, modelos de organización, áreas funcionais de actividade, así como o papel das innovacións tecnolóxicas e as principais normas xurídicas que as afectan. Pola súa natureza esta materia integra fundamentalmente elementos técnico-económicos e contempla tamén múltiples aspectos relacionados coa socioloxía, psicoloxía social, a tecnoloxía, as novas tecnoloxías, a teoría da organización e da información etc.

Ao mesmo tempo trata de apreciar o papel das empresas na satisfacción das necesidades das persoas consumidoras e no aumento da calidade de vida e benestar da sociedade, así como valorar criticamente as posibles consecuencias sociais e ambientais da actividade empresarial, sinalando a súa repercusión na calidade de vida das persoas.

A parte da análise técnica, imprescindible para coñecer o funcionamento dunhas empresas cada vez máis complexas, preténdese desenvolver nos alumnos e alumnas actitudes éticas e críticas a respecto do papel da empresa na sociedade, concedéndolle tanta relevancia á análise puramente económica e instrumental como aos aspectos sociais e de incidencia da empresa no medio ambiente.

Dun xeito xeral e seguindo o currículo, trátase de adquirir:

O recoñecemento da grande importancia do papel desempeñado polas empresas e polos empresarios no mundo actual.

Asimilación da situación de cambio permanente, o que obriga a un continuo proceso de adaptación ao marco en que desenvolven a súa actuación, e que presenta especial relevancia na formación profesional dos recursos humanos.

Valoración da contradición entre as repercusións positivas e negativas da actividade económico empresarial, especialmente no medioambiente, no mundo do traballo, no consumo e na calidade de vida.

Destreza na busca, selección, interpretación e comunicación de información procedente de diversas fontes, empregando un vocabulario técnico e diferentes tipos de soportes (tradicional e a través das tecnoloxías da información e da comunicación).

Todo isto sen deixar de ter en conta o papel que a materia desempeña na configuración de valores e actitudes socialmente positivas, tales como a valoración do traballo en equipo, o coñecemento do funcionamento dos grupos, a importancia das actitudes individuais no benestar colectivo, o rexeitamento das desigualdades económicas etc.

A programación que se faga debe partir da adecuación dos contidos ao nivel de desenvolvemento duns alumnos e alumnas que xa se achegaron á economía no primeiro curso de bacharelato, posuíndo pois, un certo grao de coñecemento abstracto, o que lles permite ser máis críticos e coñecedores do mundo real, e estar familiarizados coas formas de pensar e desenvolver actividades no campo económico.

No desenvolvemento da programación convén ter en conta que non só falamos de conceptos, senón tamén de procedementos e actitudes. Neste segundo curso de bacharelato débense ter en conta estes dun xeito acorde cos novos tipos de coñecementos manexados, así como novas maneiras de enfocar os problemas, e introducir instrumentos de análise en consonancia co nivel xeral de formación do alumnado.

Tomando como referencia os contidos recollidos no Decreto 126/2008 (DOG nº 120 do 23 de xuño de 2008), que establece o currículo da materia, a opción aquí presentada estrutúraos en bloques segundo as distintas funcións que cumpre a empresa. Por unha parte, están aqueles contidos de natureza económica e normativa máis relacionados co concepto de empresa e a súa relación co contorno, e por outra aqueles outros que fan referencia a súa acepción máis frecuente, é dicir, organismos que teñen como función a de producir e comercializar bens ou servizos coa finalidade da obtención de beneficios. Estes aspectos completaranse cos referentes á información financeira, a súa análise, investimentos e financiamento da empresa.

Nun último bloque, que por outra banda superponse a todos, preséntase a elaboración dun Proxecto de iniciativa empresarial, que persegue por en marcha o proceso de creación dunha empresa desde a concreción da idea, constitución, trámites legais e viabilidade elemental, ata confeccionar un plan de negocio, coa análise do sector, análise DAFO, plans de mercadotecnia, de produción, de recursos humanos, de organización e económico-financeiros. Con este traballo preténdese valorar se o alumnado é capaz de aplicar con creatividade os contidos da materia a un sinxelo proxecto empresarial, froito da xeración e maduración dunha idea de negocio, analizando as súas dificultades, debilidades e oportunidades e no que se valorará igualmente a disposición para o traballo en equipo, a creatividade, a planificación e a organización.

Ademais do interese que ten este traballo por si mesmo, esta última parte xustifícase tamén pola necesidade de atender as demandas relacionadas coas novas formas de transición á vida activa que deben ser atendidas, e que se caracterizan pola complexidade, incerteza e novos modos de traballo, o que da lugar a necesidades específicas de formación cara o desenvolvemento de actividades creativas e emprendedoras.

As agrupacións de contidos e os criterios anteriormente expostos permiten, segundo o peso que lle deamos a cada apartado, obter varias orientacións ou opcións á hora de concretar unha programación. O desenvolvemento que a continuación se mostra non é o único que se pode dar, máis ben pretende ser unha proposta orientadora que permita facilitar o labor do profesorado á hora de confeccionar a súa propia e persoal programación.

A programación que se presenta desenvólvese ao longo de sete bloques de contidos, facendo un percorrido que vai desde o concepto de empresa e o papel que esta desempeña na nosa sociedade até os modelos de organización que caracterizan as empresas máis modernas e a función produtiva e os sistemas de información da empresa no seu aspecto comercial, económico e financeiro. A estrutura de bloques é a seguinte:

Bloque I. A empresa e a súa función social.

Bloque II. A empresa en funcionamento.

Bloque III. A organización e os recursos humanos na empresa.

Bloque IV. A función produtiva na empresa.

Bloque V. A información comercial na empresa.

Bloque VI. A información económica.

Bloque VII. A estrutura económica e financeira.

► **Obxectivos xerais**

(Decreto 126/2008. DOG do 23 de xuño de 2008)

- Analizar as características máis relevantes e o funcionamento económico global dos distintos tipos de empresa, identificando as súas funcións, obxectivos, organización, a investigación, o papel das innovacións tecnolóxicas e as principais normas xurídicas que as afectan.
- Apreciar o papel das empresas na satisfacción das necesidades das persoas consumidoras e no aumento da calidade de vida e benestar da sociedade, así como elaborar xuízos ou criterios persoais sobre as súas disfuncións.
- Valorar criticamente as posibles consecuencias sociais e ambientais da actividade empresarial, así coma a súa responsabilidade no esgotamento dos recursos naturais, sinalando a súa repercusión na calidade de vida das persoas.
- Identificar as consecuencias que, para as empresas e a sociedade, ten a globalización da economía e as posibles liñas de conduta que se deben adoptar fronte ao fenómeno, adquirindo conciencia das desigualdades e efectos que este xera.
- Identificar os dereitos e obrigas das traballadoras e dos traballadores, valorando a necesidade que estes colectivos e a sociedade teñen de acadar un elevado grao de conciliación da vida laboral e familiar. A súa relación cos obxectivos empresariais.
- Valorar a importancia da seguranza e hixiene no traballo e da prevención dos riscos laborais.
- Analizar o funcionamento de organizacións e grupos en relación coa aparición e resolución de conflitos.
- Analizar as distintas políticas de márketing que adoptan as empresas segundo os mercados a que se dirixen, valorando os límites éticos que as devanditas políticas deben considerar.
- Establecer, de modo xeral, os datos máis relevantes da información contida nas contas anuais dunha empresa e interpretar a información transmitida.
- Identificar as principais fontes de financiamento das empresas, analizando as diferentes opcións posibles.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación e mais outros medios, obter, seleccionar e comprender de maneira clara e coherente informacións sobre feitos relevantes do ámbito empresarial internacional, nacional e local e facer unha valoración crítica delas.
- Amosar iniciativa, creatividade, autonomía persoal e participación activa no deseño, planificación e elaboración dun pequeno proxecto empresarial utilizando para a súa elaboración medios informáticos.

- Analizar a actividade económica das empresas, en especial as galegas, a partir das súas áreas de organización, relacións internas e a súa dependencia externa. Valorar a importancia que para a economía galega teñen as pequenas e medianas empresas, así como as cooperativas, como xeradoras de emprego, innovación e como motores do desenvolvemento económico e social.

▶ Contidos

(Decreto 126/2008. DOG do 23 de xuño de 2008)

Contidos comúns

- Recoñecemento da grande importancia do papel desempeñado polas empresas e polos empresarios no mundo actual. Aplicación á realidade galega.
- Asimilación da situación de cambio permanente que obriga a un continuo proceso de adaptación, que esixe o dinamismo do marco en que desenvolven a súa actuación as empresas e que presenta especial relevancia na formación profesional dos recursos humanos. Destacada referencia á denominada nova economía.
- Valoración da contradición entre as repercusións positivas e negativas da actividade económico empresarial, especialmente no medio, no mundo do traballo, no consumo e na calidade de vida.
- Busca, selección, interpretación e comunicación de información procedente de diversas fontes, empregando un vocabulario técnico e diferentes tipos de soportes (tradicional e a través das tecnoloxías da información e da comunicación).

Contidos temáticos

A empresa

- A empresa, as empresarias e os empresarios.
- Clasificación, elementos, funcións e obxectivos da empresa.
- Análise do marco xurídico que regula a actividade empresarial: normas mercantís, laborais e fiscais. As diferentes formas xurídicas das empresas.
- Funcionamento e creación de valor nas empresas. As diferentes áreas de actividade.
- Influencia do contorno xeral e específico na empresa.
- Valoración da responsabilidade social e ambiental da empresa.

Desenvolvemento da empresa

- Análise dos factores de localización e dimensión da empresa.
- Consideración da importancia das PEME e das súas estratexias de mercado.

- Estratexias de crecemento interno e externo.
- A internacionalización, a competencia global, a influencia do desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación nas empresas.
- Identificación dos aspectos positivos e negativos da empresa multinacional.
- Consideración da importancia das cooperativas como motores de desenvolvemento económico e social.

Organización e dirección da empresa

- A división técnica do traballo e a necesidade de organización no mercado actual.
- Funcións básicas da dirección.
- Planificación e toma de decisións estratéxicas.
- Deseño e análise da estrutura da organización formal e informal.
- Os sistemas de xestión da calidade na empresa.
- A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.
- O contrato de traballo. Dereitos e obrigas das traballadoras e dos traballadores. A conciliación da vida laboral e familiar.
- A importancia da seguranza e hixiene no traballo. A prevención dos riscos laborais.
- Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación.

A función produtiva

- Proceso produtivo, eficiencia e produtividade.
- Importancia da innovación tecnolóxica: I+D+i.
- Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa.
- Análise custo-beneficio. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa.
- Os inventarios, o seu custo e os diferentes métodos de xestión.
- Programación, avaliación e control de proxectos.
- Valoración das externalidades da produción.

A función comercial da empresa

- Concepto e clases de mercado.
- A investigación de mercados.
- Análise do consumidor e segmentación de mercados.
- Variables da marketing-mix e elaboración de estratexias.
- Estratexias de mercadotecnia e ética empresarial.
- Aplicación á mercadotecnia das tecnoloxías da información e da comunicación.

A información na empresa

- Obrigas contables da empresa.
- A composición do patrimonio e a súa valoración.
- As contas anuais e a imaxe fiel.
- Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias abreviados.
- Análise e interpretación da información contable: principais ratios económico-financeiras.

A función financeira

- Estrutura económica e financeira da empresa.
- O ciclo económico e o período medio de maduración.
- Concepto e clases de investimento.
- Valoración e selección de proxectos de investimento: métodos estáticos e dinámicos.
- Recursos financeiros da empresa.
- Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo.

Proxecto empresarial

- Proceso de creación dunha empresa: a concreción da idea, constitución, trámites legais e viabilidade elemental.
- O plan de negocio: análise do sector, análise DAFO, os plans de mercadotecnia, de produción, de recursos humanos, de organización e o plan económico-financeiro.

► Programación

Bloque I. A empresa e a súa función social

Tema 1. A empresa

1. Concepto de empresa
2. Empresa e empresario
3. Os elementos da empresa
4. Funcións e obxectivos da empresa

Tema 2. Clasificación das empresas

1. Clases de empresas
2. Forma xurídica das empresas

Tema 3. A empresa e seu contorno

1. Marco xeral de actuación da empresa
 - 1.1 Contorno xeral
 - 1.2. O contorno específico da empresa. O sector
2. A estratexia competitiva
 - 2.1. As forzas competitivas
 - 2.2. Análise DAFO
3. O marco lexislativo da actividade da empresa
 - 3.1. Obrigas de carácter mercantil
 - 3.2. Obrigas de carácter laboral
 - 3.3. Obrigas de carácter fiscal.
4. A responsabilidade social da empresa

Bloque II A empresa en funcionamento

Tema 4. Localización, dimensión e crecemento empresarial

1. Criterios de localización dunha empresa
2. A dimensión empresarial

3. As pequenas e as grandes empresas
4. O crecemento empresarial
 - 4.1. Estratexias de crecemento
 - 4.2. Estratexias de crecemento segundo Kotler
5. As empresas multinacionais
6. A globalización dos mercados

Bloque III. A organización e os RRHH na empresa

Tema 5. A organización da empresa

1. A necesidade de organización na empresa
2. Funcións básicas da dirección
3. A estrutura organizativa
 - 3.1. A organización formal
 - 3.2. Os grupos na empresa. A organización informal
4. A motivación

Tema 6. Os recursos humanos na empresa

1. O departamento de recursos humanos
2. O regulamento xurídico laboral
3. A relación individual de traballo.
 - 3.1. O contrato de traballo
 - 3.2. Tipos de contrato de traballo
 - 3.3. Modificación do contrato de traballo
 - 3.4. Suspensión e extinción do contrato de traballo
 - 3.5. O salario e a nómina
 - 3.6. A xornada de traballo
4. A representación sindical dos traballadores
5. Os convenios colectivos
6. Os conflitos laborais
7. Saúde laboral. Seguridade e hixiene no traballo

Bloque IV. A función produtiva da empresa

Tema 7. A función de produción na empresa

1. A produción como proceso de creación de valor
2. A tecnoloxía
3. A eficiencia e a produtividade
4. Os procesos de produción
5. A produción e o medioambiente
6. Programación, avaliación e control de proxectos
 - 6.1. Método PERT
 - 6.2. Diagrama de Gantt

Tema 8. Os custos da produción

1. Os custos de produción
 - 1.1. Criterios de diferenciación dos custos
 - 1.2. Os custos medioambientais
 - 1.3. Estrutura dos custos da produción
 - 1.4. Relación entre produción e custos
2. Análise Custo-Beneficio.
3. A xestión das existencias.
4. Sistemas de valoración das existencias

Bloque V. A información comercial na empresa

Tema 9. A función comercial

1. A función comercial da empresa
2. O mercado
 - 2.1. Variables determinantes do mercado
 - 2.2. As clases de mercado
 - 2.3. O consumidor e o mercado

3. O marketing ou mercadotecnia
 - 3.1. As actividades do márketing
 - 3.2. A elaboración dun plan de márketing
 - 3.3. O márketing internacional

Tema 10. O Marketing mix

1. O marketing mix
2. O produto
3. A distribución
4. A comunicación
5. Prezo

Bloque VI. A información económica

Tema 11. A información económica na empresa

1. O patrimonio empresarial
 - 1.1. Elementos patrimoniais
 - 1.2. Masas patrimoniais
 - 1.3. Ordenación e valoración dos elementos patrimoniais
2. O equilibrio patrimonial
3. A contabilidade
4. As contas anuais da empresa
 - 4.1. O Balance
 - 4.2. Conta de Resultados
 - 4.3. Estado de cambios no Patrimonio Neto
 - 4.4. Estado de fluxos de efectivo
 - 4.5. A Memoria
5. Balance social

Tema 12. Análise económico financeira da empresa

1. Análise económica financeira

2. Análise de balances ou análise financeira da empresa
 - 2.1. Fondo de rotación ou manobra
 - 2.2. Análise mediante porcentaxes
 - 2.3. Análise mediante ratios
3. Análise económica
 - 3.1. Rendibilidade
 - 3.2. Outros ratios sobre vendas e financeiros
4. Período medio de maduración

Bloque VII. A estrutura económica e financeira

Tema 13. Os investimentos

1. Estrutura económica e financeira da empresa
2. As decisións de investimento
3. Métodos de selección de investimentos
 - 3.1. Métodos estáticos de selección de investimentos
 - 3.2. Métodos dinámicos de selección de investimentos

Tema 14. O financiamento da empresa

1. A necesidade de capital da empresa
2. As fontes de financiamento
3. As fontes de financiamento propias
4. As fontes de financiamento alleas
5. Outras fontes de financiamento a longo prazo
6. O efecto apancamento

▸ Secuenciación e temporalización

A dedicación e intensidade en cada un dos bloques de información vai depender de cada profesor ou profesora

1ª avaliación

Tema 1. A empresa	6 clases
Tema 2. Clasificación das empresas	6 clases
Tema 3. A empresa e seu contorno	6 clases
Proxecto empresarial	
Tema 4. Localización, dimensión e crecemento empresarial.	4 clases
Proxecto empresarial	
Tema 5. A organización da empresa	5 clases
Tema 6. Os recursos humanos na empresa	6 clases
Proxecto empresarial	

2ª avaliación

Tema 7. A función de produción na empresa	6 clases
Tema 8. Os custos da produción	12 clases
Proxecto empresarial	
Tema 9. A función comercial.....	4 clases
Tema 10. O Marketing mix	6 clases
Proxecto empresarial	

3ª avaliación

Tema 11. A información económica na empresa	12 clases
Tema 12. Análise económico financeira da empresa	6 clases
Proxecto empresarial	
Tema 13. Os investimentos	6 clases
Tema 14. O financiamento da empresa	6 clases
Proxecto empresarial	
Total.....	91 clases

O resto do horario lectivo dedicaríase a desenvolver o Proxecto empresarial e a realización das diferentes probas e exames que o profesorado considere oportunas.

▶ A ensinanza e aprendizaxe da Economía da Empresa

O obxectivo e o método

O obxectivo principal que temos que acadar é introducir ao alumnado no coñecemento da empresa e da realidade empresarial.

O método a empregar debe permitir ou posibilitar que os alumnos e as alumnas aprendan a pensar dentro dunha ciencia concreta e sexan quen de presentar problemas e resolvelos por si mesmos, así como adquirir o hábito de investigar na realidade, pasando dunha actitude receptiva a unha actitude activa.

A materia desenvolve un conxunto de coñecementos que para o alumnado son novidosos. Trata de dar a coñecer a natureza dos problemas económicos que se lle presentan á empresa, así como os sistemas que estas empregan para resolvelos. Problema non doado de resolver cando, tan só se ten ós lombos unha bagaxe xeral de Economía no curso anterior. A Economía da Empresa presenta por unha banda un contexto máis concreto, o que a sitúa máis acerca da realidade, nembargante por outra esa mesma concreción introduce un certo grao de dificultade debido ao contido técnico que se emprega.

Partir da cultura previa

Os alumnos e alumnas a esta idade saben cousas e posúen ideas xa formadas que foron confeccionando ao longo da súa vida escolar ou no seu contorno familiar ou social. O ter escoitado falar de algo pode servir de punto de partida para entrar no seguinte paso de coñecemento que implica unha reordenación das estruturas cognitivas.

Debemos contar co alumnado á hora de levar adiante o proceso de aprendizaxe, e non só pola actitude positiva que isto leva, senón polo propio proceso en si mesmo ao requirir unha motivación e actividade pola súa parte. Esta actividade requirirá observar, pensar, presentar dúbidas, etc., en xeral relacionar o aprendido con esquemas de coñecemento anteriores, e aplicar os novos coñecementos á análise e explicación de situacións novas. Para poder levar adiante isto é polo que as actividades deben ser motivadoras e atractivas, é dicir, que o coñecemento non sexa un peso en si mesmo.

Ter en conta o contorno inmediato

A metodoloxía suxire que se debe partir do contorno máis inmediato. As alumnas e os alumnos deben aprender a recoñecer no seu derredor os elementos cos que traballan. Neste sentido son importantes os procedementos de tradución de feitos observábeis (cidade ou vila, empresas, actividades que se desenvolven na localidade, etc), a problemas a analizar, describíndoos, definíndoos, enunciando conceptos, establecendo rela-

cións, realizando cálculos, etc. Unha vez traballado este nivel, poderase dar un paso máis adiante no proceso de abstracción e entrar noutras partes do modelo que se estea a desenvolver.

Cada paso novo debe ir precedido dunha primeira actividade que conecte coa realidade coñecida. Detectar os coñecementos previos permite actuar sobre a diversidade, tratando de xeito diferente aos que se atopan en situación diferente.

As actividades

As actividades que presentemos deben situarse na chamada zona de desenvolvemento próxima, isto é, entre o límite do saber coñecido e o novo, obrigándolles a reestruturar os seus coñecementos de acordo cos novos obxectivos. Nesa constante superación debemos ter en conta que o labor e o esforzo dos alumnos e das alumnas debe ser medido de moitas maneiras, e eles deben saber que se lles vai ter en conta o seu progreso a respecto de períodos anteriores, e non o duns cos dos outros.

A organización dos contidos implica asignarlle a cada un a correspondente xerarquía segundo a importancia, así como a distribución do espazo e do tempo. Aspectos estes importantes, que é preciso calibrar e coidar en cada momento.

Os exercicios prácticos de redacción de pequenos informes a partir, por exemplo, de visitas a empresas, elaboración de mapas conceptuais ou valoracións e xuízos propios sobre problemas actuais, deben constituír instrumentos útiles para a avaliación das ideas captadas e a súa capacidade de aplicación. É importante que os alumnos e alumnas manexen técnicas que faciliten abordar problemas do mundo empresarial, ordenándoos segundo os obxectivos a conseguir. Outra actividade recomendada é a de organizar debates sobre temas controvertidos que leven á contraposición pública de argumentacións, mais é preciso ter en conta que se deben organizar moi ben para poder obter uns resultados satisfactorios.

A actividade de realización dun proxecto empresarial pode servir para aplicar os conceptos aprendidos a un caso concreto, co que estaríamos nesa fase do coñecemento en que o xa aprendido nos serviría para resolver problemas xurdidos de situación novas. Trátase de entender ese obxectivo da materia que é entender a lóxica das decisións empresariais e valorar as consecuencias destas.

As estratexias da aprendizaxe significativa

No referente aos métodos para lograr unha aprendizaxe significativa, estes son moitos e variados. Un punto de partida é que non é o mesmo falar da organización da empresa ou das súas fontes de financiamento, que facer unha análise do balance ou un cálculo dos custos de determinado proceso produtivo. Nun campo predomina un determinado aspecto do coñecemento e, polo tanto, deberemos empregar un determinado método, e noutro o método será diferente.

As estratexias expositivas lévannos a presentar ao alumnado unha información elaborada sobre a que pedimos que se reflexione. Utilizaranse estas estratexias (orais, escritas, mediante proxeccións ou por outros medios) cando se considere necesario. Como a experiencia demostrou este sistema é tanto máis útil canto máis abstractos son os contidos.

Algúns tipos de contidos poden ser aprendidos mediante estratexias de indagación, como por exemplo os relacionados co contexto no que a empresa se move e as normas que regulan a súa actuación, nestes casos a súa actividade pódese “ver”. Para levar adiante esta investigación-dedución pódense facer investigacións procurando información utilizando fontes primarias ou indirectas de información, visitando ás empresas, observando o propio centro de ensino, etc., e con todo iso facer traballos ou simular actividades empresariais de acordo coa situación concreta do alumnado e cos materiais dispoñíbeis.

En todo caso, calquera estratexia debe ir precedida dunha actividade introdutoria que permita ao alumno ou alumna saber sobre o que se vai traballar, deste xeito poderá relacionar o coñecido co novo. Para levar a cabo isto un método fácil é a elaboración de esquemas ou mapas conceptuais.

A respecto dos contidos procedementais, na Economía da Empresa precísase saber operar con datos, realizar cálculos e localizar información, buscando a relación entre coñecemento e aplicación. A realización de actividades que permitan aplicar os contidos conceptuais que se estean tratando, permite, á vez que aclaralos, asentelos. A realidade máis próxima debe ser a nosa maior fonte de aprovisionamento de información. A posta en práctica de procedementos como localizar información, comparar situacións, identificar normas, representar graficamente, facer cálculos, analizar situacións, comentar textos, buscar casos reais que ilustren ou aclaren o visto, etc. son algúns dos exemplos máis correntes.

Ter adquirido un procedemento significa que se posúe a capacidade de utilizalo en diversas situacións, e estes consolídanse coa práctica. Haberá que insistir, neste aspecto, en como se van facendo as cousas, controlando o proceso máis que o resultado, de xeito que ante unha nova tarefa a aplicación dun determinado proceso sexa espontánea e non dependa das indicacións do profesorado.

Dado o carácter da materia, o uso da prensa e outras fontes de información é obrigado, fácil e accesíbel, e é aí onde está outra conexión directa entre a teoría e a realidade. Hoxe, na meirande parte dos casos é posíbel mediante internet acceder a case que calquera información, e hai abundantes xornais que proporcionan información moi doada para a súa utilización na aula. Utilízala serve para analizala e comprendela.

No caso dos contidos actitudinais, os alumnos e as alumnas deberán mostrar tendencia a comportarse ou expresarse dunha determinada maneira a respecto dunha situación ou problema. Ao deseñar, pois, a ensinanza haberá que crear situacións na aula, de xeito que os alumnos e as alumnas poidan mostrarse interesados, conscientes ou sensibilizados, e mostrar actitudes de atención, de rexeitamento ou de valoración positiva ou negativa ante os casos estudados.

As unidades didácticas deben finalizar sempre coa globalización do traballado e aprendido. De novo os mapas ou esquemas conceptuais son os instrumentos que permiten mellor relacionar todos os detalles vistos ao longo de cada unidade.

Orientacións metodolóxicas

Propónse seguir unha metodoloxía en que a materia sirva para descubrir problemas empresariais relacionados co contexto sociocultural en que se atope o alumnado, con especial referencia á realidade local ou galega en xeral. Preténdese a realización de pequenas investigacións do contorno para que o seu estudo resulte máis próximo e útil.

Para o desenvolvemento do currículo da materia poderán realizarse, entre outras, as seguintes estratexias:

Obtención de información de empresas a partir de fontes externas (prensa escrita, estudos estatísticos, enquisas, bases de datos, visitas a empresas, informes económicos) e de fontes internas (rexistros contables, informes internos, balances e contas de resultados), tanto por medio de soportes tradicionais como informáticos.

Rexistro, tratamento, interpretación e representación de información relevante no ámbito da empresa e posterior transmisión desta con diferentes soportes, con especial atención ao uso das TIC.

Análise, simulación e resolución de casos no mundo empresarial: identificación da situación e dos seus elementos, selección de conceptos e técnicas para a súa aplicación na análise do caso, elaboración de conclusións e selección das decisións que se van tomar así como avaliación final das decisións tomadas, sendo conscientes da dimensión ética que comporta a toma de decisións.

Planificación dun proxecto de iniciativa empresarial: busca, valoración e selección de ideas, planificación do proxecto, análise do contorno xeral e específico, análise interna e estudo da viabilidade económica e financeira do proxecto.

Realización de traballos de investigación escolar facendo especial fincapé na necesidade de organización, planificación, execución e avaliación dos resultados acadados, valorando a necesidade de crear equipos de traballo que cooperen e creen sinerxías positivas para o conxunto.

▶ Desenvolvemento da programación

Bloque I. A empresa e a súa función social

Obxectivos didácticos

- Explicar o papel que desempeña a empresa na actividade económica.
- Identificar a empresa como unidade económica de produción.
- Comentar as funcións e finalidades das empresas.
- Resumir as distintas visións do empresario no pensamento económico.
- Describir a natureza dos diferentes tipos de empresas.
- Analizar e avaliar o funcionamento económico global das empresas, tanto no ámbito público como privado.
- Valorar a incidencia económica da actividade empresarial no medio ambiente e na calidade de vida das persoas.
- Indicar os distintos criterios de clasificación das empresas.
- Describir o contexto legal que condiciona a actividade empresarial.
- Relacionar a empresa cos factores externos (poderes públicos, normas legais, conxuntura económica, evolución tecnolóxica, organizacións empresariais, sindicatos, consumidores, relación co medio ambiente, etc).
- Analizar o marco mercantil, laboral e fiscal que regula e condiciona a administración e xestión da empresa.
- Identificación, nalgún caso concreto, das distintas teorías sobre o papel do empresario.
- Análise dalgún caso controvertido, no que a influencia dos factores externos (medioambientais, laborais) intervén na traxectoria dunha empresa.
- Facer unha pequena investigación sobre os distintos tipos de empresas existentes na localidade, encadrándoas nos criterios de clasificación establecidos.
- Clasificación das empresas segundo os seus trazos diferenciais, identificando os trazos distintivos e as diferenzas entre cada unha delas.
- Identificación en situacións concretas dos diferentes tipos de obrigas que recaen sobre a empresa (mercantís, laborais e fiscais).
- Diferenciar entre as distintas formas xurídicas que poden tomar as sociedades.
- Comentar as diferentes estratexias competitivas que pode levar adiante a empresa.

Contidos

- Concepto de empresa
- Empresa e empresario
- Os elementos da empresa
- Funcións e obxectivos da empresa
- Clases de empresas
- Forma xurídica das empresas
- Marco xeral de actuación da empresa
- Contorno xeral
- O contorno específico da empresa. O sector
- A estratexia competitiva
- As forzas competitivas
- Análise DAFO
- O marco lexislativo da actividade da empresa
- Obrigas de carácter mercantil
- Obrigas de carácter laboral
- Obrigas de carácter fiscal.
- A responsabilidade social da empresa

Bloque II. A empresa en funcionamento

Obxectivos didácticos

- Identificar os elementos básicos de que depende a localización empresarial.
- Identificar os criterios que se empregan para establecer a dimensión das empresas.
- Describir os procesos de integración empresarial.
- Comentar as causas de colaboración ou unión de empresas, recoñecendo as principais formas de asociación.
- Comentar as distintas estratexias de crecemento empresarial distinguindo os distintos criterios que as sustentan.
- Analizar o fenómeno da globalización económica e as súas repercusións na pequena e gran empresas, así como nos consumidores.
- Comentar os pros e contras das multinacionais.
- Analizar os pros e contras do fenómeno da globalización.

- Valorar os factores positivos e negativos, tanto económicos como sociais, que inflúen no tamaño e no tipo de propiedade das empresas.
- Tomando como referencia os salarios e o custo das materias primas, así como o impacto ambiental, determinar a localización da empresa valorando as vantaxes e inconvenientes que proporcionan.
- Identificar no contorno máis inmediato formas de asociación, unión e cooperación de empresas, analizando as causas que deron orixe a tal fenómeno.

Contidos

- 1. Criterios de localización dunha empresa
- 2. A dimensión empresarial
- 3. As pequenas e as grandes empresas
- 4. O crecemento empresarial
 - Estratexias de crecemento
 - Estratexias de crecemento segundo Kotler
- 5. As empresas multinacionais
- 6. A globalización dos mercados

Bloque III. A organización e os RRHH na empresa

Obxectivos didácticos

- Inferir a necesidade da división técnica do traballo e a organización nunha empresa.
- Identificar os principios e modelos de organización da empresa.
- Describir a organización formal da empresa por medio dun organigrama.
- Diferenciar os distintos xeitos de organización empresarial segundo a actividade.
- Distinguir entre a organización formal e informal.
- Identificar os sistemas de información na empresa.
- Identificar os mecanismos e valores básicos que rexen os funcionamentos dos grupos e das organizacións.
- Valorar a importancia do factor humano dentro da empresa e a súa repercusión na actividade da mesma.
- Investigar sobre os modernos sistemas de organización que se están a dar na empresa.
- Sintetizar os distintos tipos de motivación empresarial.
- Identificar e recoñecer os riscos laborais e os medios de prevención que se dan na empresa.

- A partir de diversas situacións nas que se pode atopar un cidadán, comentar e decidir sobre os tipos de contrato que se poden dar.
- Interpretación, a partir de casos concretos, de negociacións de Convenios colectivos como pactos entre empresarios e traballadores cara a establecer as relacións laborais dentro da empresa.
- Organización ao redor dun tema controvertido, como pode ser o despido libre, dun debate na aula, que manifieste por medio de argumentacións razoadas, as diferentes opinións existentes sobre o mesmo.
- Identificar os diferentes niveis de organización que se dan nunha empresa, resaltando as relacións de autoridade que se poidan dar entre elas.
- Procura de exemplos que representen novas tendencias de organización.
- Investigar e analizar, a partir de informacións recollidas nos medios de comunicación, de exemplos de conflito de intereses no mundo empresarial, e das vías de negociación empregadas para resolvelos.
- Identificar e definir as diferentes partes de que consta unha nómina.
- Distinguir entre suspensión e extinción dun contrato de traballo.
- Elaborar unha clasificación que agrupe os distintos tipos de contrato que se poden dar segundo a lexislación actual.

Contidos

- 1. A necesidade de organización na empresa
- 2. Funcións básicas da dirección
- 3. A estrutura organizativa
 - 3.1. A organización formal
 - 3.2. Os grupos na empresa. A organización informal
- 4. A motivación
- 5. O departamento de recursos humanos
- 6. O regulamento xurídico laboral
- 7. A relación individual de traballo.
 - 7.1. O contrato de traballo
 - 7.2. Tipos de contrato de traballo
 - 7.3. Modificación do contrato de traballo
 - 7.4. Suspensión e extinción do contrato de traballo
 - 7.5. O salario e a nómina
 - 7.6. A xornada de traballo
- 8. A representación sindical dos traballadores

- 9. Os convenios colectivos
- 10. Os conflitos laborais
- 11. Saúde laboral. Seguridade e hixiene no traballo

Bloque IV. A función produtiva da empresa

Obxectivos didácticos

- Identificar as áreas básicas de actividade das empresas, así como as súas relacións e interrelacións.
- Describir a actividade produtiva na empresa e identificar os inputs e outputs do sistema produtivo.
- Analizar as variábeis que inciden nos indicadores de produtividade dunha empresa.
- Analizar a relación que se pode dar entre beneficios, produtividade e competitividade nunha empresa.
- Identificar os custos nos que se incorre no desenvolvemento da actividade económica das empresas.
- Relacionar as actividades produtivas co mercado de factores e produtos tanto finais como intermedios.
- Estabelecer relacións entre os custos de produción e a localización e dimensión das empresas.
- Identificar os custos que interveñen na almacenaxe dos produtos e calcular o volume óptimo de pedido.
- Describir sistemas de valoración de inventarios de almacén por medio dos sistemas máis comúns.
- Identificar os sistemas de produción que se poden dar na empresa, segundo a orientación da súa actividade.
- Identificación nos exemplos que se propoñan, dos inputs do sistema produtivo (man de obra, materias primas, equipos, enerxía) e dos outputs (bens e servizos finais e intermedios).
- A partir dos datos económicos básicos dunha empresa, calcular a produtividade correspondente e propoñer medidas que traten de mellorar a produtividade, sinalando en cada caso as súas vantaxes e inconvenientes.
- Describir e comparar estruturas de custos de distintas empresas, segundo o tipo de actividade que realicen.
- A partir da datos proporcionados, calcular os custos da empresa diferenciando entre os custos fixos, variábeis, directos e indirectos.
- A partir de datos concretos, realización dos cálculos e representación gráfica do punto de equilibrio ou limiar de rendibilidade da empresa.

- Resolución de exercicios a partir de exemplos numéricos, dos sistemas de valoración de existencias dun almacén, valorando as diferenzas entre uns e outros.

Contidos

- 1. A produción como proceso de creación de valor
- 2. A tecnoloxía
- 3. A eficiencia e a produtividade
- 4. Os procesos de produción
- 5. A produción e o medioambiente
- 6. Programación, avaliación e control de proxectos
 - 6.1. Método PERT
 - 6.2. Diagrama de Gantt
- 7. Os custos de produción
 - 1.1. Criterios de diferenciación dos custos
 - 1.2. Os custos medioambientais
 - 1.3. Estrutura dos custos da produción
 - 1.4. Relación entre produción e custos
- 8. Análise Custo-Beneficio.
 - O limiar de rendibilidade
- 9. A xestión das existencias.
- 10. Sistemas de valoración das existencias

Bloque U. A información comercial na empresa

Obxectivos didácticos

- Analizar o proceso de comercialización de produtos ou servizos, para organizar, administrar e supervisar a súa xestión comercial.
- Relacionar a consecución dos obxectivos empresariais co funcionamento da economía de mercado, destacando a importancia que o mercado ten na toma das decisións empresariais.
- Describir en que consiste unha investigación de mercado.
- Elaborar unha clasificación dos mercados, así como identificar as variables determinantes destes.
- Explicar o concepto, principios e fundamentos do *marketing*.

- Identificar e describir o papel de cada unha das variábeis integrantes do *marketing mix*.
- Ser capaz de transmitir mensaxes e informacións estruturadas e intelixíbeis, seleccionando o seu formato e a canle técnica, en función dos obxectivos e do contido da mensaxe e das características do receptor.
- Análise de posíbeis procesos concretos de cambios nas empresas con motivo da interacción producida por factores externos derivados do mercado ou da actitude dos consumidores.
- Análise e valoración das vantaxes e inconvenientes de levar adiante un plano de *marketing*.
- Descrición das características, atributos, etc. dun produto concreto.
- Descrición do funcionamento do mecanismo dos prezos por medio da súa análise.
- Descrición das distintas posibilidades de distribución dun produto.
- Clasificación dos distintos tipos de intermediarios comerciais e representación das redes de distribución comercial.
- Recoñecemento das diversas técnicas de promoción dun produto, con especial atención á publicidade.

Contidos

- 1. A función comercial da empresa
- 2. O mercado
 - 2.1. Variables determinantes do mercado
 - 2.2. As clases de mercado
 - 2.3. O consumidor e o mercado
- 3. O marketing ou mercadotecnia
 - 3.1. As actividades do márketing
 - 3.2. A elaboración dun plan de márketing
 - 3.3. O márketing internacional
- 4. O marketing mix
- 5. O produto
- 6. A distribución
- 7. A comunicación
- 8. Prezo

Bloque VI. A información económica

Obxectivos didácticos

- Identificar os datos económicos esenciais dunha empresa.
- Identificar os diferentes elementos patrimoniais e agrupalos en masas patrimoniais.
- Interpretar e avaliar estados de contas e balances anuais simplificados.
- Distinguir os diferentes xeitos con que se pode medir o éxito empresarial, así como a importancia do balance social.
- Interpretar a correspondencia entre investimento e o seu financiamento.
- Lectura e interpretación das contas anuais, utilizando as ideas contábeis básicas.
- Realizar análises económicos e financeiros dos estados contábeis dunha empresa.
- Calcular e interpretar o significado económico do fondo e manobra.
- Calcular e interpretar as ratios económicas e financeiras da empresa.
- Analizar a rendibilidade da empresa mediante as ratios correspondentes.
- Definir o contido da Memoria.
- A partir de datos concretos facilitados polo profesor ou profesora, elaboración dun balance de situación e da conta de resultados.
- Interpretación da correspondencia entre os investimentos e o seu orzamento, detectando posíbeis desaxustes mediante ratios sinxelas.
- Definir o concepto de período medio e maduración e realizar o seu cálculo nun caso sinxelo.

Contidos

- 1. O patrimonio empresarial
 - 1.1. Elementos patrimoniais
 - 1.2. Masas patrimoniais
 - 1.3. Ordenación e valoración dos elementos patrimoniais
- 2. O equilibrio patrimonial
- 3. A contabilidade
- 4. As contas anuais da empresa
 - 4.1. O Balance
 - 4.2. Conta de Resultados
 - 4.3. Estado de cambios no Patrimonio Neto
 - 4.4. Estado de fluxos de efectivo
 - 4.5. A Memoria

- 5. Balance social
- 6. Análise económica financeira
- 7. Análise de balances ou análise financeira da empresa
 - 7.1. Fondo de rotación ou manobra
 - 7.2. Análise mediante porcentaxes
 - 7.3. Análise mediante ratios
- 8. Análise económica
 - 8.1. Rendibilidade
 - 8.2. Outros ratios sobre vendas e financeiros
- 9. Período medio de maduración

Bloque VII. A estrutura económica e financeira

Obxectivos didácticos

- Distinguir entre a estrutura económica e financeira da empresa.
- Diferenciar os distintos criterios que se poden empregar para seleccións de investimentos.
- Calcular a opción de investimento mais interesante entre varias propostas, mediante a utilización dos métodos estáticos e dinámicos.
- Diferenciar entre capitalización e actualización dun capital.
- Identificar as fontes de financiamento de que pode dispoñer a empresa.
- Diferenciar entre financiamento interno e externo da empresa.
- Diferenciar entre financiamento propio e alleo da empresa.
- Elaborar un esquema que agrupe as diferentes fontes de financiamento empresarial.
- Identificar as principais fontes de orzamento da empresa, analizando e avaliando as distintas posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro, a partir dun exemplo concreto

Contidos

- 1. Estrutura económica e financeira da empresa
- 2. As decisións de investimento
- 3. Métodos de selección de investimentos
 - 3.1. Métodos estáticos de selección de investimentos
 - 3.2. Métodos dinámicos de selección de investimentos

- 4. A necesidade de capital da empresa
- 5. As fontes de financiamento
- 6. As fontes de financiamento propias
- 7. As fontes de financiamento alleas
- 8. Outras fontes de financiamento a longo prazo
- 9. O efecto apancamento

Bloque VIII. O proxecto empresarial

Obxectivos didácticos

- Considerar as oportunidades de negocio que se poden presentar na sociedade
- Presentar distintas opcións para abordar un proxecto empresarial
- Planificar unha idea de negocio a desenvolver
- Concretar o programa de investimentos a levar adiante no negocio
- Valorar a idoneidade de distintas formas xurídicas
- Coñecer os trámites necesarios para a posta en marcha dunha empresa
- Describir as variables de contorno xeral e específico que inflúen sobre a empresa
- Manexar os coñecementos adquiridos para decidir sobre a selección de persoal, contratación, remuneración, aplicación dun convenio etc.
- Aplicar os coñecementos adquiridos para a realización dunha análise de mercado e deseñar as estratexias de marketing mix mais convenientes
- Presentar distintas formas de financiamento que se poden presentar á empresa, elixindo a mais conveniente
- Analizar a viabilidade do negocio

Contidos

- Introducción: presentación do traballo a realizar
- Busca dunha idea de negocio
- Actividade a realizar
- Localización do negocio
- Requirimentos mínimos de posta en marcha
- Estudio potencial do mercado
- Análise de investimentos

- Análise dos custos de funcionamento e posta en marcha
- Constitución da empresa
- Forma xurídica
- Trámites administrativos (mercantís, fiscais, sociais)
- Aspectos laborais:
- Selección de persoal
- Contratos e convenios a aplicar
- Obrigas do empresario

▶ Criterios de avaliación

(Decreto 126/2008.DOG do 23 de xuño de 2008)

1. Coñecer e interpretar os diversos elementos da empresa, as súas áreas de actividade, os seus tipos, funcións e interrelacións valorando a achega de cada un deles segundo o tipo de empresa.

Trátase de comprobar que o alumnado adquiriu unha visión global da empresa; que sabe diferenciar os diferentes elementos que a compoñen (grupo humano, patrimonio, ámbito e organización); que coñece as súas áreas de actividade e a existencia de elementos diferentes en función da empresa de que se trate. Tamén se comprobará a capacidade de analizar as relacións mutuas entre a empresa e o exterior.

2. Identificar as principais normas mercantís, laborais e fiscais que regulan as actividades empresariais. Describir as principais formas xurídicas da empresa, explicando e entendendo os trazos principais de cada unha delas.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumnado coñece dunha maneira xeral as principais normas mercantís, laborais e fiscais que regulan as actividades empresariais, ademais de comprobar se o alumnado é quen de facer cadros sinópticos e esquemas claros das formas xurídicas máis importantes.

3. Identificar os trazos principais do sector e do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as distintas estratexias, decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e ambientais das súas decisións.

Búscase comprobar se o alumnado comprendeu as relacións de interdependencia existentes entre a empresa e o seu contorno; búscase tamén comprobar se sabe diferenciar as implicacións, tanto positivas coma negativas, que supoñen as decisións empresariais, especialmente nos ámbitos social e ambiental.

4. Analizar a situación das empresas multinacionais e das PEME, no marco do fenómeno da globalización, identificando os aspectos positivos e negativos que o citado fenómeno presenta. Valorar a importancia das cooperativas como impulsoras do desenvolvemento económico e social de Galicia.

Trátase de valorar a capacidade do alumno/a para describir as características actuais das empresas multinacionais e das PEME e para analizar as vantaxes e inconvenientes de que goza cada unha delas nun mercado cada vez máis condicionado polo fenómeno da globalización. Farase a partir de exemplos da realidade galega actual. Tamén se busca que comprenda a importancia do fenómeno cooperativo para a economía e para a sociedade galegas.

5. Describir a organización dunha empresa e as súas posibles modificacións e mellores en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade. Valorar a importancia para as empresas de contar cun sistema organizativo eficiente, como os sistemas de xestión da calidade.

Este criterio pretende comprobar se se sabe interpretar a organización formal e informal dunha empresa e detectar e propoñer solucións a disfuncións ou proble-

mas que impidan un funcionamento eficiente na organización empresarial. Ademais, preténdese que o alumnado identifique os sistemas de xestión da calidade como sistemas de mellora continua na empresa.

6. Describir as técnicas básicas para a xestión dos recursos humanos, identificando os dereitos e deberes máis importantes que as traballadoras e os traballadores teñen derivados da súa relación laboral, con especial atención aos referidos á conciliación da vida laboral e familiar. Valorar a importancia que teñen a seguranza e a hixiene no traballo, ademais da prevención dos riscos laborais.

Este criterio busca que o alumnado reconeza a relevancia dos recursos humanos como variable que contribúe de maneira especial ao logro da eficiencia organizativa. Tamén busca o recoñecemento de como o respecto aos dereitos, á seguranza dos traballadores/as e á conciliación da súa vida laboral e familiar reduce a conflictividade e incide de maneira directa no bo funcionamento da empresa.

7. Coñecer o funcionamento da área de produción dunha empresa e recoñecer a importancia da aplicación das novas tecnoloxías na mellora da produtividade. Valorar a importancia da investigación, o desenvolvemento e a innovación como garantes da supervivencia e de crecemento das empresas.

Trátase de comprobar se o alumnado coñece as tarefas fundamentais da función produtiva da empresa e se é quen de calcular a produtividade. Igualmente preténdese constatar que recoñece o papel das novas tecnoloxías, así como do investimento en investigación, desenvolvemento e innovación, no aumento da competitividade da empresa e na mellora da calidade dos seus produtos.

8. Coñecer os principais sistemas de valoración e xestión dos inventarios. Valorar a súa importancia na contribución aos resultados da empresa.

Búscase que o alumnado valore a importancia e a necesidade dunha correcta xestión dos inventarios e que coñeza os custos asociados a eles. Preténdese que coñeza os principais sistemas de valoración de inventarios (FIFO, LIFO, PMP) e da súa xestión; e que determine, para casos sinxelos, o nivel de pedido óptimo.

9. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e de custos dunha empresa, calcular o seu beneficio e limiar de rendibilidade.

Preténdese valorar se os alumnos adquiriron a capacidade de diferenciar e estruturar os ingresos e custos xerais dunha empresa, determinando o beneficio ou perda xerado, así como o limiar de produción e vendas necesario para a xeración de beneficios e a súa supervivencia.

10. Analizar as características dos mercados utilizando técnicas de investigación e segmentación destes. Explicar, de acordo con elas, as diferentes políticas comerciais que se poden aplicar.

Preténdese avaliar se o alumnado sabe caracterizar un mercado en función do número de competidores, do produto vendido, das características das persoas destinatarias etc.; que coñeza e entenda a finalidade e os elementos básicos das investigacións de mercados e das diferentes estratexias de márketing.

11. Recoñecer os datos máis relevantes do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a súa situación a partir da información obtida e propoñer medidas para a súa mellora.

Preténdese comprobar que as alumnas e os alumnos saiban recoñecer os diferentes elementos destes documentos e o seu significado na empresa. Tamén se pretende valorar se son capaces de analizar a situación patrimonial, financeira e económica nun caso sinxelo, detectando desequilibrios e propoñendo medidas correctoras destes.

12. Buscar, analizar e interpretar información procedente do ámbito empresarial local, galego, español ou internacional, utilizando os recursos materiais adecuados e as tecnoloxías da información e da comunicación.

Trátase de comprobar se o alumnado é capaz de distinguir e analizar información significativa referida ao mundo empresarial e se é capaz de relacionala cos contidos estudados na materia. Trátase tamén de comprobar que é quen de buscar información do ámbito empresarial, utilizando as novas tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente a internet.

13. Describir as posibles fontes de financiamento a que ten acceso unha empresa e, a través dun suposto sinxelo, razoar a elección máis axeitada.

A finalidade deste criterio é comprobar a capacidade de valorar as necesidades de financiamento básicas dunha empresa, así como coñecer e clasificar as diferentes fontes de financiamento. Tamén trata de valorar a capacidade de propoñer razoadamente as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto, relacionando o financiamento co investimento.

14. Valorar distintos proxectos de investimento sinxelos que pode acometer unha empresa e seleccionar, xustificando a decisión, cal resulta a alternativa máis vantaxosa. Valorar tamén a importancia e a necesidade da realizar unha planificación e un posterior control de calquera proxecto que se leve adiante nunha empresa.

Preténdese comprobar a capacidade para utilizar métodos diversos de selección de investimentos, co obxectivo de resolver casos básicos. Tamén se busca que o alumnado recoñeza a importancia da planificación e do control de calquera proxecto que a empresa pretenda iniciar.

15. Diseñar e planificar e valorar un proxecto empresarial simple, con actitude emprendedora e creatividade, avaliando a súa viabilidade.

Con este criterio preténdese valorar se o alumnado é capaz de aplicar con creatividade os contidos da materia a un sinxelo proxecto empresarial froito da xeración e maduración dunha idea de negocio por parte do alumnado, valorando as súas dificultades, debilidades e oportunidades. Valorarase igualmente a disposición para o traballo en equipo, a creatividade e a planificación e organización.

▶ Mínimos esixíbeis

1. Clasificar os diferentes tipos de empresas, sinalando os seus trazos diferenciais.
2. Identificar os factores externos (poderes públicos, conxuntura económica, evolución tecnolóxica, organizacións empresariais, sindicatos, consumidores, dinámica de poboación, localización industrial, relación co medio ambiente, etc.) que inciden na empresa, sinalando exemplos representativos.
3. Caracterizar as áreas básicas de actividade da empresa, sinalando as súas relacións, interdependencias e o seu distinto peso e importancia segundo o tipo de empresa, e describir o proceso de funcionamento dun ciclo completo dunha empresa tipo.
4. Comprender o concepto de produtividade. Recoñecer e valorar as variábeis que inciden nos indicadores de produtividade dunha empresa. Por outra parte, preténdese que identifiquen e analicen o posíbel conflito entre unha forma de entender o éxito empresarial, medido exclusivamente a través da conta de resultados, e unha concepción que entende este éxito desde un marco de valores máis amplo, e que incorpora o impacto ambiental (ruídos, esgotamento dos recursos, residuos contaminantes), condicións de traballo saudábeis, corrección de inxustizas na distribución do valor engadido, garantías de calidade, promoción da investigación, etc.
5. A partir dos datos básicos do balance e conta de resultados dunha empresa, identificar a función dos seus elementos e interpretar o sentido económico e financeiro de cada un dos seus apartados, detectando posíbeis desequilibrios.
6. Identificar as principais fontes de financiamento da empresa tanto externas como internas, así como analizar e avaliar, a partir dunha necesidade concreta, as distintas posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.
7. A partir do coñecemento directo dunha empresa ou institución (o propio centro escolar como institución, visita a unha empresa, asociación cultural), describir a súa estrutura organizativa, estilo de dirección e de comunicación, grao de participación nas decisións, organización informal.
8. Planificar e levar a cabo un plano de observación dunha empresa local e presentar a información de forma organizada e intelixíbel, incorporando xuízos propios e con referencias a exemplos e datos apropiados.
9. Elaborar un proxecto de creación de empresas, planificando o proceso que é necesario levar a cabo e avaliar a súa posibilidade económica, integrando os distintos coñecementos da materia, aplicándoos con creatividade para abordar un proxecto de iniciativa empresarial. A planificación debe recoller, tanto os aspectos económicos e financeiros como as formalidades legais de constitución, anticipando os diversos recursos e trámites necesarios.

▶ A avaliación

A avaliación debe proporcionar información tanto ao profesorado como ao alumnado sobre o proceso da aprendizaxe, e debe, ao mesmo tempo, servir de base para levar adiante iniciativas para modificar ou mellorar o propio proceso de ensinanza e aprendizaxe. A avaliación non é un acto illado ao final dunha unidade didáctica ou do curso, senón un proceso de recollida constante de información, que nos permitirá emitir xuízos cos que cualificar unha actuación e tomar as decisións correspondentes.

Os instrumentos que utilizemos deben valer para comprobar o grao de aprendizaxe, ao mesmo tempo que coñecer o non aprendido e determinar o por qué.

Tradicionalmente todo proceso de avaliación toma como referencia unha proba inicial que serve para valorar os conceptos previos e o nivel de dominio da terminoloxía que se vai utilizar. Por exemplo, o ter cursado a materia de Economía no ano anterior debe servir de apoio para a construción dos novos coñecementos, polo que cobra especial importancia detectar as ideas preconcebidas. Este punto de referencia inicial será un referente para outros posteriores e así medir a súa evolución e progreso. Dado que a materia de Economía da Empresa se serve de coñecementos aprendidos noutras materias como é o caso das matemáticas, é preciso comprobar o seu nivel de dominio. Para obter toda esta información o instrumento máis utilizado, complementario das informacións que poidamos ter do curso anterior, segue a ser os cuestionarios ou a presentación dunha situación problema que os alumnos e alumnas deben resolver.

Durante o curso iremos propoñendo aos alumnos e alumnas unha serie de probas, que nos servirán para levar adiante unha avaliación formativa que, dado o nivel e os contidos que se manexan, van recaer fundamentalmente en traballos e exames. Todo este proceso debe proporcionarnos información non só dos pasos dados polos alumnos e alumnas, senón do propio proceso de ensinanza en si mesmo: se as actividades foron as necesarias, se o material proporcionado foi adecuado, se os programas de recuperación foron unha mera repetición do xa realizado, ou ben estiveron adaptados a cada alumno ou alumna segundo o tipo de carencia que tiña, e, por último, se o tempo dedicado ao desenvolvemento da unidade foi o preciso.

O obxectivo desta avaliación formativa é tanto certificar o nivel de coñecementos do alumnado, como servir de axuda tanto aos alumnos e alumnas como ao profesorado a reconducir esforzos, en caso necesario, a fin de conseguir un dominio total dos obxectivos programados. Como unha norma importante a seguir os criterios que empreguemos na avaliación deben ser coñecidos previamente polos nosos alumnos e alumnas.

As actividades de avaliación deben ser acordes co que se realizou durante o proceso de ensinanza e aprendizaxe, e deben recorrer toda a gama de contidos desenvolvidos na unidade ou no curso. Segundo isto é necesario propor e desenvolver actividades de avaliación referidas a feitos (que implican memorización, relación con outros contidos...), a conceptos (coñecementos, comprensión, ser quen de transferir a outra situación un método ou caso, probas que impliquen a actividade intelectual do alumno ou alumna...), a procedementos (habilidades na resolución de problemas, cálculo de variábeis, construción de gráficos, elaboración de táboas, uso da información, realización de guións ou esque-

mas...), a actitudes (colaboración nos traballos, desenvolvemento de opinións críticas, participación nas tarefas colectivas, colaboración no bo funcionamento e desenvolvemento da clase...).

No que se refire ao control do dominio dos procedementos, que neste curso, dada a abundante parte práctica, cobran moita importancia, poden seguirse dúas técnicas: ou ben facer preguntas concretas do tipo “que pasos son necesarios para facer algo”, ou propoñer a resolución de problemas que implican o coñecemento dos conceptos necesarios, así como a posta en práctica do procedemento obxecto de control e medición. Por outra banda, é necesario comprobar, para coñecer o grao real de dominio dun procedemento se é quen de utilizar o procedemento aprendido en situacións novas, así como distinguir o tipo de procedemento que en cada caso é necesario aplicar.

No caso de conceptos ou principios, pódese utilizar o método de pedir definicións ou o sistema de identificacións de obxectos ou situacións. Deben ser quen de facer exposicións, ben orais ou escritas nas que necesariamente se han relacionar entre si os conceptos de modo significativo (orde, conexións, comparacións, e deben ter un principio e un final), ademais de ser, á vez, un procedemento.

A avaliación de actitudes e valores é moi difícil, ten moito a ver coa capacidade persuasiva que o profesorado posúe e ten que ser recoñecida polos alumnos e alumnas como útil. De todas formas hai cousas medíbeis como son: a realización de xuízos reflexivos e sistematizados, o recoñecemento de valores positivos cara a certo tipo de comportamentos recoñecíbeis como desexábeis como poden ser o funcionamento da clase, a participación nos traballos feitos en grupo, o grao de cumprimento dos compromisos adquiridos, nivel de integración nun grupo de traballo, etc.

A avaliación final ou sumativa ten como obxectivo o de clasificar, nivelar e certificar aos alumnos e as alumnas a respecto do grao de cumprimento dos obxectivos marcados na unidade ou no curso. Ao final, resumindo moito, supoñería coñecer se o rendemento dos alumnos e alumnas foi suficiente e satisfactorio. Ademais, a avaliación deberá ser individualizada, é dicir, do alumno a respecto de si mesmo.

Análise capacidades

Comprensión e razoamento	Criterios avaliación
Analizar e relacionar datos e ideas	Compara datos, feitos...
Sistematizar coñecementos	Secuencia información...
Identificar problemas	Clarifica conceptos, ideas...
Comprender mensaxes complexos	Relaciona causa efecto
Argumentar	Distingue o principal do secundario
Seleccionar e organizar información	Memoriza comprensivamente

Cálculo / gráficos	Criterios avaliación
Coñecemento das operacións básicas	Usar operacións
Comprensión significado das operacións a realizar	Resolver problemas concretos
Concepto de variable	Facer cálculos
Representacións gráficas	Construír gráficas
Comentarios a gráficos, datos	Representar graficamente datos
	Obter datos dunha gráfica
	Interpretar gráficas /mensaxes
	Converter unha mensaxe oral / escrito e gráfico

Traballo práctico	Criterios avaliación
Realizar tarefas prácticas concretas, nos prazos previstos, só ou en equipo	Cumprir os prazos establecidos
	Relacionar, organizar e manexar material
	Traballar autonomamente
	Traballar en equipo

Esforzo por progresar	Criterios avaliación
Esforzo por superar as dificultades (independentemente do nivel)	Asistencia regular a clase. Constancia
	Traer material
Valorar actitudes (non resultados)	Realizar as tarefas que se lle asignan
Formular dúbidas. Corrixe erros	
Interese e curiosidade	

Responsabilidade e comportamento social	Criterios avaliación
Cooperación e responsabilidade	Cumpre as normas
Solidariedade	É tolerante. Non provoca conflitos
Tolerancia	É cooperativo. Autocrítico
Non discriminación	Asume responsabilidades
Cumprir pactos e normas	Analiza crítica e razoadamente
Respecto polo ben común e o medioambiente	Respecta o ben común
	Respecta o medioambiente
	Actitude solidaria

Expresión	Criterios avaliación
Reflexionar o que se pensa	Expresase oralmente
Poñer por escrito ou verbalmente ideas	Expresase por escrito con claridade
	Manexa léxico
	Utiliza terminoloxía específica
	Ortografía

Os instrumentos de avaliación

Cuestionarios

Son útiles para:

- Indagar ideas previas.
- Contrastar marcos conceptuais de inicio e final.

Exames e outras probas escritas ou orais

O exame con outros instrumentos de avaliación pode ser unha fonte de información útil para:

- Reproducir contidos conceptuais relevantes.
- Relacionar contidos próximos.
- Expresar opinións ou xuízos de valor.
- Aplicar contidos, especialmente procedementais.
- Resolver e formular problemas.

Probas de composición e ensaio

Son un conxunto de probas que permiten valorar diversas actividades desde aprendizaxes de tipo elemental como coñecer: datas, sucesos, clasificacións, pasando por aprendizaxes de tipo superior, que supoñen procesos de descomposición-integración, é dicir, analizar e sintetizar. Poderían consistir en:

- Elaboración de resumos, esquemas, gráficas e mapas conceptuais.
- Comentario de textos.
- Elaboración de sínteses.
- Preguntas nas que se pide desenvolver un tema concreto.

Este tipo de probas permite valorar a capacidade do alumno e alumna para a selección e organización das ideas principais dun tema traballado, a súa capacidade de análise e, en menor medida, o seu xuízo crítico.

Probas obxectivas

Son probas que se caracterizan pola súa brevidade, tanto na formulación da pregunta como na posíbel solución que está previamente determinada; son útiles para comprobar un amplo rango de tarefas de coñecemento e comprensión, e poden ser cualificadas con facilidade, sendo a súa interpretación exacta; en concreto para avaliar o coñecemento de datos, dominio da terminoloxía e precisión de conceptos.

Informes, proxectos...

Na materia de Economía da Empresa, igual que na Economía do curso anterior existe unha tradición avaliativa fundada nos “traballos”. Neste caso será preciso definir qué se entende por traballo, cáles son as potencialidades e qué obxectivos da aprendizaxe permite cubrir. Neste punto cobra especial importancia o Proxecto e creación de empresa que deben realizar.

Coa avaliación pretendemos premiar dalgún xeito todas as tarefas realizadas polos alumnos e alumnas, polo que consideraremos enormemente positiva a valoración do seu traballo diario, a participación na clase, e mesmo a asistencia como unha forma máis de manterse motivado pola materia. Considérase importante salientar as tarefas en grupo, sen deixar de valorar as probas que se poidan desenvolver ao longo do curso, tratando, iso si, de comprobar a comprensión dos temas tratados na aula, que non a súa memorización.

Criterios de cualificación

- Orientación sobre unha escala a empregar para medir determinados aspectos da avaliación.
- Criterios de cualificación
- As notas deberán ser números enteiros polo que o redondeo debera levarse á cabo tendo en conta os seguintes aspectos:
- Actitude positiva do alumno ou alumna fronte á materia.
- Asistencia a clase.
- Realización das tarefas encomendadas na aula.
- Cumprimentar os exercicios ou tarefas encomendadas nas datas indicadas.
- Entregar as tarefas encomendadas nas datas esixidas.
- Distraer ou molestar aos compañeiros ou compañeiras.
- Alterar a dinámica normal da clase.

Actitude (0-20%)

- Asistencia a clase
- Atención e aproveitamento do tempo de clase
- Realización das tarefas diarias
- Participación activamente nos traballos en grupo

Traballos prácticos (0-40%)

- Grao de coñecemento do tema
- Utilización correcta de información
- Extrae conclusións
- Se se trata de información gráfica:
 - Describe correctamente
 - Establece relacións
 - Extrae conclusións

Exames teóricos (40-80%)

▶ **Medidas de atención á diversidade**

Intentarase facer un esforzo para atender a cada alumno ou alumna da forma máis personalizada posíbel, tendo en conta o seu nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe, etc. Naquelas ocasións en que sexa necesario realizaranse adaptacións curriculares, modificando material escolar, actividades, método, grupos de traballo, tempo e orde dos contidos e criterios de avaliación, aplicándoos de forma individualizada.

▶ **Actividades de recuperación ou reforzo**

Por reforzo educativo enténdese toda medida ordinaria de atención á diversidade que afecta á secuencia dos contidos, a forma e instrumentos de avaliación, á organización da aula, etc. É unha acción educativa específica, adicional ou complementaria, no marco de traballo na aula para atender dificultades de aprendizaxe, que non precisan doutras adaptacións curriculares máis profundas.

Cada profesora ou profesor deste departamento, no ámbito concreto da súa materia, tomará e poñerá en marcha as medidas de reforzo educativo ou recuperación que vexa necesarias.

Temas transversais

Os temas transversais que a Lei establecece, Educación para a Paz, Educación moral e cívica, Educación para a saúde, Educación para igualdade dos sexos, Educación ambiental, Educación sexual, Educación vial e a Educación para o consumidor, por ser contidos que responden a unha demanda da sociedade, estarán presentes ao longo do curso fundamentalmente no sentido actitudinal e de valores. Serán traballados conxuntamente cos temas que, polas súas características, sexan máis acordes.

▶ **Actividades complementarias e extraescolares**

Os alumnos e alumnas de bacharelato realizarán unha visita específica a unha empresa das existentes no contorno da cidade ou vila, co obxectivo de completar a súa formación específica, comprobando cómo se leva adiante a actividade, cómo se organiza, etc. En especial os alumnos e alumnas deste segundo curso deberán facer un traballo detallado en que se reflecta o observado.

► **Materiais e recursos didácticos**

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisaremos apoiarnos nuns recursos que na maioría das veces se basean en soportes informáticos, escritos ou visuais. O uso do xornal segue a ser importante, dada a variedade da información que proporciona e a facilidade do seu manexo. Internet é unha fonte de información que cada vez se fará máis imprescindible para obter datos, ampliar informacións, contactar con organismos, etc.

Material recomendado

PRIETO-PUGA FARIÑA, Rafael. *Economía da Empresa. 2º Bacharelato*. Baía Edicións, 2009. Texto especialmente deseñado para este curso de Bacharelato.

Outros libros a ter en conta cara á selectividade

VV.AA. *Economía e Organización de Empresas. Exercicios prácticos*. Baía Edicións, 2007.